

PROGRAMACIÓN DOCENTE

Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato



Departamento de Educación Física
I.E.S ALLARIZ

Curso 2020-2021



Índice

1.- Introducción	4
2.- Resumo da programación	5
2.1.- Obxectivos da programación por cursos	5
2.2.- Saídas didácticas	7
2.3.- Propostas de mellora	7
3.- Horario profesorado	9
4.- LOMCE	10
4.1.- Introducción e contextualización	11
4.1.1.- Introducción	11
4.1.2.- Contextualización	12
4.1.2.1.- Características do alumnado do I.E.S ALLARIZ	12
4.2.- Concreción e relación dos elementos curriculares	14
4.2.1.- Ensino Secundario Obrigatorio	15
4.2.1.1.- Obxectivos xerais	15
4.2.1.2.- Contribución da Educación Física ao desenvolvemento das competencias clave	17
4.2.1.3.- Primeiro da E.S.O	21
4.2.1.3.1.- Criterios, contidos, estándares e competencias	21
4.2.1.3.2.- Unidades Didácticas	24
4.2.1.3.3.- Desenvolvemento UD	25
4.2.1.4.- Segundo da E.S.O	32
4.2.1.4.1.- Criterios, contidos, estándares e competencias	32
4.2.1.4.2.- Unidades Didácticas	35
4.2.1.4.3.- Desenvolvemento UD	36
4.2.1.5.- Terceiro da E.S.O	43
4.2.1.5.1.- Criterios, contidos, estándares e competencias copiar	43
4.2.1.5.2.- Unidades Didácticas	46
4.2.1.5.3.- Desenvolvemento UD	47
4.2.1.6.- Cuarto da E.S.O	55
4.2.1.6.1.- Criterios, contidos, estándares e competencias	55
4.2.1.6.2.- Unidades Didácticas	59
4.2.1.6.3.- Desenvolvemento UD	60
4.2.2.- Bacharelato	68
4.2.2.1.- Obxectivos xerais	68
4.2.2.2.- Criterios, contidos, estándares e competencias	70
4.2.2.3.- Unidades didácticas	66
4.2.2.4.- Desenvolvemento UD	72
4.3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO	80
4.3.1.- Procedementos de avaliación	80
4.3.2.- Criterios de cualificación	84
4.3.3.- Procedementos para a realización da avaliación inicial (ESO)	86
4.3.4.- Avaliación do estudantado en setembro	86
4.3.5.- Medidas de atención a diversidade	88
4.3.5.1.- Adaptacións non significativas ou ordinarias	89
4.3.5.2.- Adaptacións significativas ou extraordinarias	90

4.3.6.- Alumnado repetidor (ESO).....	94
4.3.7.- Materia pendiente.....	95
4.3.7.1.- Plans de traballo para superación de materias pendentes (ESO).....	95
4.3.7.2.- Actividades de seguimento das materias pendentes (BAC).....	95
4.3.7.3.- Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes.....	95
4.3.8.- Mínimos esixibles e Actividades de reforzo/recuperación.....	97
4.3.8.1.- Mínimos esixibles.....	97
4.3.8.2.- Actividades de reforzo.....	99
4.4.- Programación da educación en valores.....	101
4.5.- Accións de contribución ao plan TIC.....	103
4.6.- Accións de contribución ao plan de convivencia.....	105
4.7.- Accións de contribución ao proxecto lector.....	106
4.8.- Actividades complementarias e extraescolares.....	107
4.9.- Metodoloxía didáctica.....	108
4.10.- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.....	109
4.11.- Procedementos para acreditar os coñecementos previos.....	111
4.12.- Procedementos para avaliar a propia programación.....	112
ANEXO 1 - PROTOCOLO COVID DEPARTAMENTO DE ED.FÍSICA.....	114
ANEXO 2 - Temporalización das UD ao longo do curso.....	118
ANEXO 3 - Resumo da programación por cursos.....	123
ANEXO 4 - Proxecto #andandopolocamiño.....	128

1.- Introducción

A materia de EF ten como base a competencia motriz, o que significa, saber explicar, saber facer e saber comportarse. Por iso, na Programación Docente (PD), baseámonos no Modelo de Aprendizaxe construtivo, significativo e funcional co fin de que o estudantado saiba aplicar estes saberes adquiridos.

A PD contribúe ao desenvolvemento motor integral do alumnado, que se fai explícito nos Obxectivos Xerais da Etapa. Desenvólvese para os catro cursos da ESO e 1º de Bacharelato, concretando e inter-relacionando os elementos curriculares, e secuenciandos progresivamente en cada nivel en función do momento evolutivo da puberdade e adolescencia e ao contexto educativo do IES Allariz.

A Metodoloxía de ensino e aprendizaxe oriéntase á autonomía de cada alumna/o para que o transfira ao seu tempo libre e recreación activa.

Atendemos á diversidade de capacidades individuais, diferenzas sexuais, sociais, culturais, dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas especiais, polo que, realizamos adaptacións da metodoloxía e actividades equitativas para toda/s, fomentando a participación democrática na planificación dos contidos específicos e actividades complementarias e extraescolares para cada curso.

2.- Resumo da programación

2.1.- Obxectivos da programación por cursos

ESO1

Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta.

Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.

Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.

Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.

Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.

Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.

Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.

Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.

Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESO2

Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.

Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.

Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.

Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.

Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.

Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.

Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.

Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.

Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.

ESO3

Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.

Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.

Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.

Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.

Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.

Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.

Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.

Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.

Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESO4

Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.

Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.

Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.

Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.

Mostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas.

Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.

Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.

Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.

Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.

Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.

Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.

Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.

BACH1

Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física

Controlar os riscos que pode xerar a utilización dos equipamentos, o contorno e as propias actuacións na realización das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, actuando de forma responsable no seu desenvolvemento, tanto individualmente como en grupo.

Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.

Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición.

Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións.

Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.

Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior.

Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.

2.2.- Saídas didácticas

Actividade	Data	Tri m	Observacións
Carreira popular San Martiño XLIII Edición	Novembro	1	Se o COVID19, o permite. O profesorado do departamento soamente organiza a inscrición e recollida de dorsais. O desprazamento e custodia/atención/seguimento do estudiantado durante a proba é dos pais/nais/ titores/as legais.
Carrera Derradeira de Allariz	Decembro		
Piraguismo/ equitación.....¿?	Marzo	2	Alumnado de 4to ESO E 1Bach
Ruta de sendeirimos	Maio	3	Alumnado de 1º e 2º da ESO
Ruta de sendeirismo	Maio	3	Alumnado de 3, 4º da ESO e 1º de Bacharelato
OCR Allariz (A carreira de obstáculos 2020 pospúxose ao 2021, pero inda non hai data, habería que consultalo)	?	?	Alumnado de 1º e 2º ESO

2.3.- Propostas de mellora

Facer unha avaliación inicial dos interese do estudiantado e tratar de conectalos coa parte prescritiva da programación.

Temporizar as UDs e as sesións en función das características meteorolóxicas da zona e as limitacións das instalacións.

Darlle unha maior presenza a utilización das novas tecnoloxías, integrando os smartphone

como un elemento máis de aprendizaxe.

Buscar unha avaliación máis individualizada en función das características e necesidades do estudiantado.

3.- Horario profesorado EF

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 -9:20	TIT 3ºB	1º ESO C		2º ESO C	3º ESO B
9:20 – 10:10	2º ESO C	1º ESO B		3º ESO C	
		4º ESO A			
10:10 – 11:00	2º ESO B	2º ESO A	XEF.DEPT EF	3º ESO A	XEF.DEPT EF
11:00 – 11:30	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
11:30 – 12:20	1º ESO C		3º ESO B	1º ESO A	3º ESO A
12:20 – 13:10	1º ESO A	1º BACH CC	1º BACH CC		3º ESO C
13:10 – 14:00	1º ESO B	4º ESO B	1º BACH HUM	2º ESO B	1º BACH HUM
16:00 – 16:50	4º ESO A				
	2º ESO A				
16:50 – 17:40	4º ESO B				

Xefa de departamento (2ºESO C – 3ºESO A/B/C – 4ºESO A – B – 1ºBACH HUM/ CIC):

Verónica Vázquez Grande

Profesor Ed.Física 1º ESO A- B- C – 2º ESO A –B

Francisco Javier Meizoso Blanco // No seu caso Noa López Blanco (Substituta)

4.- LOMCE

4.1.- Introducción e contextualización

4.1.1.- Introducción

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de educación primaria, nas etapas da ESO e do bacharelato, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo.

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación Física, tanto na etapa de ESO coma no bacharelato, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

Cómpre salientar os xogos e os deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e os bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións inter-xeracionais.

4.1.2.- Contextualización

4.1.2.1.- Características do alumnado e do I.E.S ALLARIZ

O alumnado entre 12 e 16 anos, atópase na etapa de Desenvolvemento motor, da puberdade e adolescencia, que se caracteriza polos cambios morfolóxicos debidos ao crecemento físico e cambios psicolóxicos e fisiolóxicos da maduración dos sistemas orgánicos.

Estes procesos condicionan significativamente a coordinación motriz do estudantado, polo que haberá que telo en conta no momento de valorar a súas dificultades de adaptación, axustando o nivel de esixencia das tarefas según as súas necesidades. Ademais atópanse na fase sensible para o desenvolvemento das súas capacidades físicas para mellora dos sistemas orgánicos, nas que temos que incidir nas dúas sesións semanais e orientar o seu tratamento na

súa recreación activa.

Tamén coincide coa iniciación e perfeccionamento nos deportes, que orientamos ao aprendizaxe das normas básicas e práctica de xogos modificados nas clases, recreos, no seu tempo libre e nalgún club deportivo.

Temos en conta as diferencias madurativas entre sexos; as dificultades de aprendizaxe e as necesidades educativas, realizando adaptacións metodolóxicas ou de actividades que favorecen a integración.

O alumnado do IES, caracterízase por a diversidade de procedencia. Hai alumnado semiurbano que vive na vila e alumnado rural que emprega o transporte escolar.

Na vida de Allariz contan con:

Dous ximnasios, un deles con piscina

- Un polideportivo, ademais do pertencente o instituto que e utilizado para actividades do concello en horario non lectivo.

- Campo de fútbol

- Picadeiro de equitación

Tamén hai escolas municipais de: - Piragüismo - Baloncesto - Fútbol - Natación - Ximnasia rítmica - Ximnasia acrobática - Triatlón e duatlón - Predeportivas.

Dende a materia de Educación Física pretendemos que os alumnos que realicen o bacharelato poidan achegarse en mellores condicións a estudos superiores, ben sexan universitarios ou profesionais relacionados coa actividade física; ou a afrontar con éxito oposicións que requiran de unhas capacidades físicas ben desenvolvidas. **Mais a contextualización este ano, debe ter un apartado máis, xa que nos vemos inmerso nunha situación de Loita contra unha Pandemia Mundial, o que nos dificulta actividades con contacto ou con intercambio de material. Por iso as actividades e as UD este curso teñen un carácter máis teórico do normal, e se busca evitar o máximo o intercambio de materiais.**

4.2.- Concreción e relación dos elementos curriculares

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a

confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada curso serán concretados nas programacións didácticas, de xeito que cada centro docente poida determinalos en función das instalacións e dos recursos materiais dos que dispón, ademais das características do contorno onde se localiza.

Estes contidos serán diferentes nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nunha grande variedade de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

4.2.1.- Ensino Secundario Obrigatorio

4.2.1.1.- Obxectivos xerais

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición

ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade

lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación inter-persoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

4.2.1.2. – Contribución da Educación Física ao desenvolvemento das competencias clave

A Educación física contribúe de xeito directo á consecución das seguintes competencias: Sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e en menor medida da comunicación lingüística e da competencia dixital.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Valórase o desenvolvemento no espazo nas actividades motoras que se realizan en diferentes contornos, na aula e fora dela; dado que o noso corpo é o vínculo de relación co contorno e coas persoas que nos rodean. A saúde como referencia fundamental manifestase a través de respostas

motoras que se corresponde coa exigencia de continuos axustes corporais adaptados ás condicións do contorno.

- Adaptación das actividades ao contorno social e cultural. - Utilización responsable do medio natural e urbano, desenvolvendo técnicas que permitan a protección da súa propia persoa así como a protección e respecto do contorno en que se desenvolva a actividade
- Información do material adecuado a práctica da actividade creando uns hábitos de consumo responsable.
- Establécese dinámicas persoais e grupais a través do propio corpo, en situacións de cooperación e de oposición. Os xogos e os deportes comportan a aceptación de regras e normas establecidas polo grupo, así como o respecto aos materiais, ao contorno e ás persoas participantes. Polo tanto os xogos e os deportes facilitan a integración do alumnado na sociedade e no grupo.
- A través do deporte tratarase de capacitar ao alumnado para analizar con espírito crítico espectáculos, manifestacións, valores e actitudes que xiran arredor do deporte e da súa actualidade.
- A educación física ten como prioridade a saúde, que é un dereito cidadá. Por iso busca substituir os hábitos sedentarios dos novos por outros mais activos e placenteros que eviten a obesidade e os problemas de saúde que conleva.
- Fomentarase unha visión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias a dignidade personal.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Desenvolveranse actividades para o traballo en equipo tanto en actividades deportivas coma expresivas colectivas que xeneren a adquisición de aprendizaxes técnicas, estratexias e tácticas que sexan xeneralizables para as distintas actividades colectivas.
- Ofreceranse recursos para a planificación de determinadas actividades de xeito autónomo a partir dun proceso de experimentación.
- Buscaranse solucións posibles ante as actividades de cooperación ou de competición para acadar o mellor resultado final.

COMPETENCIAS DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Promoverase de forma singular a consecución de autonomía e iniciativa persoal a través das distintas actividades, executando, anticipándose, decidindo, relacionando e reflexionando sobre as súas actuacións para mellorar resultados.

- Promoverase á cooperación e participación dos alumnos nas actividades que se desenvolvan tanto na aula como fora dela.
- Desenvolverase a capacidade de analizar a súa propia condición física e a partir dos resultados e melloralas para acadar un rendemento que lle permita un movemento eficaz e unha boa saúde e calidade de vida.
- O alumno deberá de ser capaz de realizar de xeito autónomo un calentamento xeral.

COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- O alumnado deberá coñecer, comprender e apreciar as diferentes manifestacións artísticas e culturais da motricidades humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza, e consideralos como parte do patrimonio cultural
- Facilitarase o acceso o alumnado á historia literaria e visual de educación física, ao coñecemento dos seus momentos máis singulares. Farase unha reflexión e valoración crítica sobre a súa transcendencia no contexto cultural en que tiveron lugar.
- Desenvolverase unha actitude aberta e respectuosa ante o fenómeno deportivo e manifestacións de expresión corporal propias doutras culturas - Fomentarse a creatividade mediante a exploración e utilización das diferentes posibilidades e recursos expresivos de corpo: elasticidade, expresividade, harmonía, plasticidade, xestualidade...
- Traballarase a través da expresión corporal a linguaxe corporal e xestual.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Levarase control do tempo de do tinteio nos xogos e deportes que se executen
- Controlarase as pulsacións.
- Regularase o ritmo de desprazamento en función das distancias, do tempo ou do esforzo.
- Realizaranse xogos nos que a unha sinal farase un cambio de ritmo, de sentido no movemento, ou do movemento mesmo por outro predeterminado. Esta sinal requirirá un pensamento matemático sinxelo relacionado cos múltiplos ou divisores dun número sinxelo.

COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Valorarase a correcta utilización da lingua na presentación de traballos e exames escritos, así coma a presentación e o desenvolvemento nos termos propios da materia.

- Fomentarase a comunicación e participación en debates sendo capaces de escoitar e respectar as distintas opinións.
- Traballarase a través da expresión corporal a linguaxe corporal e xestual.

COMPETENCIA DIXITAL

- Realizaranse traballos que requiriran a búsqueda a través de internet que lle permitan acceder o coñecemento de historia e/ou regulamento de diferentes actividades expresivas ou de deportes e xogos.

4.2.1.3.- Primeiro da E.S.O

I.E.S Allariz				
Curso	1º ESO		Cod:	S110000
Asignatura	Educación Física			
Profesor/a (es/as)	Javier Meizoso Blanco // NOA LÓPEZ BLANCO (Substituta)			
Libro de texto	Título:			
	Autor			
	Editorial		ISBN	
	Data Autoriz.		Galego	Castelán

4.2.1.3.1.- Criterios, contidos, estándares e competencias

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT

Educación Física. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión. ▪ B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria. 	necesarias para esta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se valían realizar, seguindo as orientacións dadas. ▪ EFB1.1.3. Respeita os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC
▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l ▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Respeito e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.6. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. 	▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Amona tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. ▪ EFB1.2.3. Respeita as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSC
▪ m ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j ▪ ñ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico-deportivas e recreativas. ▪ B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. ▪ B1.9. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. ▪ B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. 	▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas. ▪ EFB1.3.2. Respeita o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSC
▪ m ▪ n ▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas ▪ B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. 	▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

Educación Física. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.		▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.	▪ CSIEE
▪ h ▪ j ▪ g ▪ e ▪ b ▪ m ▪ ñ ▪ o	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde 	▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas				
▪ n ▪ m ▪ b ▪ g ▪ l ▪ d ▪ ñ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. 	▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CCEC
Bloque 3. Actividade física e saúde				
▪ m ▪ f ▪ b ▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. ▪ B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable. ▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo. 	▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable. ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT

Educación Física. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			práctica.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ g ▪ f ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas desde un enfoque saudable. ▪ B3.5. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta. ▪ B3.6. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. ▪ B4.3. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

Educación Física. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	aprendizaxe dos deportes colectivos.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

4.2.1.3.3.- Unidades Didácticas

<u>EF IESO</u>		SESIÓNS					
		1º AVAL	22	2º AVAL	21	3º AVAL	20
AVAL.	UD	TÍTULO	SESIÓNS	EST.APREN			
1	1	A sesión e a importancia da EF	4	EFB1.1.1; EFB1.1.2;			
	2	Aula Virtual e Recursos TIC en EF	4	EFB1.1; EFB1.5.1			
	3	Orientación 1 – Respeto o MN	6	EFB1.3.1; EFB.1.3.2; EFB4.1.4			
	4	Cap. Físicas Básicas	8	EFB1.2.3; EFB1.3.3; EFB3.1.2; EFB3.1.3; EFB3.2.1; EFB3.2.2;			
2	5	Nutrición e Hab.saudables	5	EFB1.1.3; EFB1.3.3; EFB1.5.2; EFB3.1.1;			
	6	BADMINTON	10	EFB1.4.1; EFB4.1.1; EFB4.1.2; EFB4.1.3;			
	7	Ex.corporal – O corpo, imitación	6	EFB1.2.1; EFB1.4.1; EFB2.1.1; EFB2.1.2; EFB2.1.3			
3	8	Hixiene Postural	4	EFB1.5.2; EFB3.2.3;			
	9	Deporte Colectivo (Ultimate)	10	EFB1.2.2; EFB1.2.3; EFB4.2.1; EFB4.2.2; EFB4.2.3			
	10	Primeiros Auxilios Básicos	2	EFB1.4.2			
		Capacidades Físicas Básicas II	4	EFB1.2.3; EFB1.3.3; EFB3.1.2; EFB3.1.3; EFB3.2.1; EFB3.2.2;			

4.2.1.3.4.- Desenvolvemento UDs

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.6. Formula e pon en práctica iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as súas expectativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ m ▪ ñ ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xogo, actividades deportivas individuais e de adversario, e actividades físicas no medio natural. ▪ B4.2. Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de xogos, actividades deportivas individuais e de adversario/a, e deporte alternativo practicadas nas etapas anteriores. ▪ B4.3. Planificación e realización de actividades físicas en contornos non estables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Resolve con eficacia situacións motoras nun contexto competitivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
Educación Física. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Pon en práctica técnicas específicas das actividades en ámbitos non estables, analizando os aspectos organizativos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Aplicación do coñecemento dos fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios dos xogos, das actividades deportivas e do deporte alternativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.4. Valora a oportunidade e o risco das súas accións nas actividades físico-deportivas desenvolvidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.5. Formula estratexias ante as situacións de oposición ou de colaboración-oposición, adaptándoas ás características das persoas participantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

4.2.2.3.- Unidades didácticas

<u>EF-IBAC</u>		SESIÓNS					
		1º AVAL	20	2º AVAL	23	3º AVAL	22
AVAL.	UD	TÍTULO	SESIÓNS	EST.APREN			
1	1	O mundo da EF, AF e o Deporte (TICs, Saídas Profesionais, Organización de competicións..)	8	EFB1.1.1; EFB1.1.2; 1.4.1; EFB1.4.2; EFB4.1.4;			
	2	CF e Coordinativas (Elabora o teu plan e avaliao), axilidade	12	EFB1.2.1; EFB1.2.2.; EFB1.2.3; EFB3.1.3; EFB3.1.4; EFB3.2.1; EF3.2.2; EFB3.2.3; EFB3.2.4; EFB3.2.5;			
2	3	Alimentación e SAUDE	8	EFB1.1.2;EFB1.2.1; EFB1.4.1; EFB1.4.2; EFB3.1.1; EFB3.1.2; EFB3.2.6;			
	4	BADMINTON	10	EFB1.3.1; EFB4.1.3; EFB4.1.4; EFB4.2.2;			
	5	Act. Artístico - Expresivas	5	EFB1.3.1; EFB1.3.2; EFB2.1.1; EFB2.2.2; EFB2.1.3;			
3	6	Deportes Alternativos/Colectivos	10	EFB1.3.2; EFB4.2.1; EFB4.2.2; EFB4.2.3; EFB4.2.5			
	7	Xogos e deporte no medio natural	4	EFB1.3.1; EFB4.2.4;			
	8	Habilidades Ximnásticas	4-5	EFB1.3.1; EFB4.1.1; EFB4.1.2;			
		Capacidades Físicas Básicas II	2	EFB3.2.5			

4.2.2.4.- Desenvolvemento UD

As Ud didácticas desenvolveráanse aínda que a actividade teña que deixar de ser presencial e pase a ser semipresencial ou non presencial. O que se modificará neste caso será a metodoloxía empregada. E se reducirán os contidos ou estándares máis significativos.

UD 1 – O mundo da EF, AF e o Deporte (Tics, Saídas profesionais, Organización de competicións...)
TEMPORALIZACIÓN
8 SESIÓNS – SETEMBRO
CONTIDOS
Aula virtual APP Saídas profesionais vinculadas o deporte Organización de competicións
GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD
<ul style="list-style-type: none">- Deseñar e organiza competicións deportivas- Usa diferentes app e recursos TIC para crear información- Coñece diferentes ámbitos profesionais vinculados coa actividade física
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Proba escrita Proba práctica Valoración mediante observación Presentación de traballo de investigación usando recuses tecnolóxicos.
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS (DENTRO DOS TRES ESCENARIO POSIBLES: PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL, NON PRESENCIAL
traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques. – Busquedas de información. – Creación de esquemas. – Creación, organización dos recreos activos.
UD 2 – CF e Coordinativas (Elabora o teu plan e avaliao), axilidade
TEMPORALIZACIÓN

12 SESIÓNS – OCTUBRE

CONTIDOS

Capacidades Físicas

Métodos de entrenamiento

Sistemas metabólicos

Riscos asociados as actividades.

Proba de axilidade

Probas físicas

GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD

Deseña, organiza e participa en actividade físicas.

Localiza as pulsacións, sabe medilas e valorar a intensidade do exercizo físico

Respetar os compañeiros e as súas diferenzas.

Colabora no traballo en grupo, animando a participación de todos

Elabora e leva a práctica o seu programa personal de actividade física, conxugando (frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade)

Elabora un programa de avaliación das súas capacidades físicas básicas

Alcanza un nivel axeitado de condición física.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Proba escrita

Probas prácticas

Valoración mediante a observación.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Elaboración dun plan de acondicionamento físico e de saúde. - Medición e valoración da intensidade do exercicio a través do control do pulso. - Coñecemento dos factores a ter en conta na planificación: frecuencia, intensidade, tempo e actividade. - Adaptación do organismo á actividade física: Síndrome xeral de adaptación. Fatiga. - Posicións corporais saudables nas diferentes profesións. Quentamento: xeneral e específico. Volta á calma. - Carreira continua. - Carreira con obstáculos. - Series. - Carreira con cambios de ritmo. - Multisaltos. - Traballo con implementos: cordas, picas, bancos suecos, espaldeiras, balóns medicinais,... - Circuitos. - Xogos. - Exercicios para a mellora da forza: individual e por parellas. - Exercicios para a mellora da flexibilidade individual e por parellas. - Exercicios para o desenvolvemento da velocidade de desprazamento.

UD 3 – Alimentación e Saúde
TEMPORALIZACIÓN
8 SESIÓNS - Xaneiro
CONTIDOS
Balance enerxético Pirámide alimentaria Proteínas, vitaminas Dietas Plato Harvard
GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD
Adopta unha actitude crítica ante o tema de alimentación saudable Coñece o concepto de balance enerxético e sabe calcular o seu Adopta aptitude crítica ante as difernetes dietas existentes. Diferencia entre pirámide alimentaria e Plato Hardvard.
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Proba escrita/ traballo Valoración mediante observación
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
Deseño de dietas/MENÚS. – Cálculo de balances enerxéticos. – Busqueda de información. – Actividades prácticas de creación de platos axeitados.

UD 4 - BÁDMINTON
TEMPORALIZACIÓN
10 SESIÓNS – FEBREIRO
CONTIDOS
Historia Regulamento Material Golpeos Modalidades Organización de torneos
GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD
Executa con fluidez os xestos técnicos propios da actividade deportiva

Organiza torneos

Resolve positivamente situación motoras xeradas dentro do propio contexto da competición.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Proba escrita

Proba práctica

Valoración mediante observación

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Actividades recreativas. –Regulamento e normas básicas de badminton. –

Perfeccionamento dos xestos técnicos de badminton. – Práctica de xogo individual e de dobres con aplicación de normas e regras do badminton.

UD 5 - Act. Artístico – Expresivas

TEMPORALIZACIÓN

5 SESIÓNS - MARZO

CONTIDOS

Elaboración de coreografías

GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD

- **Representar composicións de expresión corporal individuais.**
- **Colaborar na realización de montaxes colectivos artístico expresivos adaptádoa unha composición musical.**

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Proba escrita

Proba Práctica

Valoración mediante observación

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Practicar xogos de desinhibición en grupo e de parellas. - Experimentar os xestos que expresan pensamentos, estados de ánimo - Realizar actividades con ou sen obxectos axustándoas a ritmos diferentes. - Adaptar diferentes accións motrices a composicións musicais. - Practicar e construír de xeito autónomo e en colaboración co seu grupo sinxelas coreografías adaptadas a composicións musicais.

UD 6 – Deportes Alternativos/ Colectivos

TEMPORALIZACIÓN
10 SESIÓNS - ABRIL
CONTIDOS
Historia de cada deporte Reglamentos básicos Datchball, bijbol, ultimate, tripela, kin-ball... Circuito de habilidades motoras de depotes colectivos
GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD
Realizar con corrección as habilidades propias dos xogos ou deportes propostos Respectar as regulamentacións propias da actividade deportiva proposta Colaborar positivamente na consecución do obxectivo final Realizar correctamente e en tempo un circuito de habilidades de deportes colectivos
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Proba escrita Traballos teóricos /Proba práctica Valoración mediante a observación
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
Realización de actividades cooperativas e competitivas. -Práctica autónoma do deporte de equipo elixido. - Coñecemento do regulamento e a técnica dos deportes alternativos.

UD 7 – Xogos e deportes no medio natural
TEMPORALIZACIÓN
4 SESIÓNS - MAIO
CONTIDOS
Opcións que ofrece o MN Organización de actividades no contorno Respeto do MN SENDERISMO, ESCALADA, EQUITACIÓN
GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD
Coñecer as opcións que ofrece o MN Organizar unha actividade no MN Realizar correctamente as téncias básicas dos deportes individuais que se leven a cabo Respetar o MN

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**Proba Escrita/ traballo****Valoración mediante a observación****CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

Recoñecer as diferentes posibilidades que ofrece a natureza e normas a seguir nela - Realizar actividades de lecer na natureza. - Mellorar as habilidades de adaptación ao medio natural: rubes, transporte... - Asumir e levar a práctica normas de hixiene tanto persoal como pública. - Aceptar as normas de seguridade relacionadas coa degradación da contorna natural. Organizar unha actividade sinxela de senderismo, con algunha actividade de lecer, na contorna.

UD 8 – Habilidades ximnásticas**TEMPORALIZACIÓN****4 – 5 SESIÓNS – MAIO -XUÑO****CONTIDOS****Habilidades ximnásticas****Modalidades ximnásticas****Equilibrios, saltos, xiros...****GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A UD**

- **Conseguir levar a cabo un circuito de ximnasia propio das probas de acceso a Universidade.**

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**Proba escrita****Proba práctica****Valoración mediante observación.****CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS****Realización de actividades individuais. – Práctica de habilidades ximnásticas.**

4.3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO

4.3.1.- Procedementos de avaliación

O profesorado de EF realizará as probas que considere axeitadas en distintos momentos de cada trimestre para obter as cualificacións que conformarán a nota de cada avaliación.

A data de cada proba seguirá o seguinte criterio:

A. Probas prácticas: non será preciso, (aínda que normalmente se faga), avisar ao estudantado con antelación xa que a aprendizaxe e desenvolvemento dos contidos prácticos faise na súa meirande parte durante as clases. Soamente naqueles casos en que o profesorado determine que un contido ou proba práctica é susceptible de ser mellorado (a aprendizaxe xa se realizou durante as clases) nun intervalo de tempo curto a través da súa práctica fora do contexto escolar, será aconsellable pactar unha data co estudantado que vai a ser avaliado de dita proba ou contido práctico.

B. Probas teóricas: Serán probas escritas sobre os contidos conceptuais impartidos, normalmente de tipo TEST.

C. Traballos: O profesorado deberá de fixar a data e criterios de presentación dos traballos. O estudantado terá a obriga de presentar estes seguindo os criterios de prazo, contido, formato e lugar indicado nos criterios. De non facelo nestas condicións, o traballo non se aceptará ou será puntuado cun '0'.

ACTITUDE (20% da nota)

Neste apartado terase en conta mediante a observación diaria e a avaliación através dunha rúbrica, o esforzo do alumnado, a participación e a realización das actividades propostas na aula.

Teranse en conta os seguintes rexistros no caderno do profesorado:

A. **Retraso:** Chegar máis de 5 min tarde a clase (enténdese por clase o espazo onde se vai

a desenvolver a parte principal da sesión). O tempo contarase dende que toca o timbre de cambio de clase. O retraso anotarase no XADE acorde a lexislación vixente e a xustificación/non xustificación deberá confirmala o/a profesor/a titor/a no exercicio das súas función.

B. Non participa/Exención (NP/Ex)

- Sen xustificar: anotarase a incidencia.
- Xustificada: deberá xustificarse e/ou especificarse o motivo (lesión, enfermidade ou malestar).

c. Negativo (N). Pode ser por diferentes motivos:

1. Non traer a indumentaria axeitada (**inclúese neste aspecto a mascarilla**) ou en condicións non recomendables para a práctica.
2. Portar ou levar obxectos que poidan por en perigo a integridade física propia e/ou dos compañeiros. En especial: reloxos, cadeas, pulseiras, pendientes, anelos, piercings, etc.
3. Mascar chicle ou comer.
4. Consumir bebidas non autorizadas polo profesorado. Neste sentido, e nas épocas de máis calor, o profesorado poderá (a criterio propio) permitir o uso de bebidas hidratantes compatibles cos criterios dun estilo de vida saudable e acordes coa idade, características e necesidades do estudantado
5. Saír antes de que toque o timbre ou o indique o profesorado, **ou saír sen desinfectar as máns.**
6. Non traer material de hixiene persoal obrigatorio.
7. Non colaborar e/ou dificultar a organización e **a desinfección** do material para a práctica e/ou despois de esta.
8. Non traer material didactico (libreta e bolígrafo)
9. Non respetar as instalación, materiais ou compañeiros.
10. Actitude pasiva e/ou abúllica.
11. Interrupcións durante as explicacións.
12. Escupir no chan.

13. Gritar e/ou montar alboroto nun contexto non xustificable didácticamente.

Considerase abandono da materia cando o alumnado, sistemáticamente non presente os traballos, non acuda a clase co equipamento deportivo axeitado para poder participar nela; ou asista sen unha xustificación axeitada. Esta medida comunicarse por escrito aos proxenitores ou titores e conlevará a perda da avaliación continua. Tendo so dereito o examen teórico de final de trimestre.

O valor (en puntos) da penalización asignada aos negativos (N), será FIXO (non dependerá do número de sesións en cada avaliación) e será penalizado no apartado ACTITUDINAL, o cal ten un valor do 20% da nota final. Cada 5 negativos, descontará (-0,5) sobre os 2 puntos.

PROCEDEMENTOS (50% da nota)

O profesorado poderá valorar este apartado, e os sub-aptados que o compoñen, cunha planilla de observación da proba práctica e coa axuda de instrumentos tales como cardiofrecuenciómetros, acelerómetros, podómetros, vídeo-análise, fotografía, etc.

Enténdese que o profesorado ten permiso para tomar imaxes e/ou facer grabacións de audio e/ou vídeo durante a realización das clases, sempre e cando estas teñan unha finalidade didáctica e/ou permitan documentar fotográfica e/ou videográficamente o que acontece nas mesmas para unha análise posterior.

Neste sentido, o profesorado, antes facer calquera rexisto de audio, vídeo e/ou foto, deberá de informar ao estudiantado de “que”, “como”, “a quen” e “por que” se vai a facer.

As fotos e grabacións de audio e/ou vídeo terán carácter privado a nivel departamental e non serán difundidas a través de internet e/ou calquera outro medio.

O estudiantado terá dereito a ver e/ou escoitar os documentos de vídeo e/ou audio nos que aparece. Para isto, deberá de informar ao profesor e este indicarlle o día e hora no que pode facelo. Pasados 10 días despois da avaliación na que se encadra a grabación en cuestión, os documentos de imaxe, audio e/ou vídeo xa non estarán dispoñibles para o estudiantado.

No apartado procedimental valoraranse un ou varios dos seguintes sub-aptados segundo o requira a programación e o considere o profesorado.:

A. Condición física (Aptitude cardiorrespiratoria e aptitude musculoesquelética). O estudiantado deberá facer as probas de valoración da CF “TEST INICIAL DE

CAPACIDADES FÍSICAS BÁSICAS” seguindo escrupulosamente as indicacións do profesor e a información que aparecerá nas fichas técnicas de cada proba. Asemade, anotará os resultados nunha plantilla entregada por este ao comezo da realización das mesmas.

B. Habilidades e destrezas (básicas e/ou específicas): as probas requiridas para avaliar e cualificar este apartado estarán, fundamentalmente, relacionadas coas UDs impartidas durante a avaliación, pero tamén se poderán avaliar habilidades e destrezas non traballadas de forma explícita durante a avaliación cando estas sexan fundamentais para a adquisición, consolidación e/ou mellora de habilidades e destrezas futuras ou cando sexan un indicador significativo do nivel de competencia motriz básica do/a estudante (coordinación óculo-segmentaria, equilibrio, capacidade de reacción, capacidade de ritmo, diferenciación kinestésica, combinación e acoplamento de movementos, orientación).

As características e os criterios de cualificación de cada proba deberán de ser informadas ao estudantado previamente a execución das mesmas.

C. Participación e esforzo (valoración por parte do profesorado). Este subapartado será valorado polo profesorado.

É preciso acadar un mínimo de 4 (sobre 10) da puntuación asignada a este apartado para que faga media cos demais apartados.

CONCEPTOS (30%)

Valoración mediante unha ou varias das seguintes probas:

- **Exame tipo test ou preguntas curtas:** nos exames tipo test, a extensión do mesmo (número de preguntas) será variable (de menor a maior número de preguntas) en función do nivel educativo (ESO1 a Bach1), tendo en conta que - en todos os casos - cada pregunta mal respostada restará un 25% do valor dunha pregunta ben respostada, é decir 4 preguntas mal, descontarán 1 pregunta ben contestada. As preguntas non contestadas non descontan.

- **Traballos teórico-prácticos:**

- Sobre os contidos propios da materia

É preciso acadar un mínimo de 3 (sobre 10) en este apartado para que faga media cos

demáis apartados.


CUALIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA-ESCOLARES

Sempre e cando as actividades complementarias e/ou extra-escolares **ORGANIZADAS polo departamento de Educación Física**, sexan voluntarias e gratuítas, o estudiantado participante - a criterio do profesorado - poderá engadir entre 0,2 puntos por cada actividade na que participa o/a estudante.

Non obstante, para poder engadir esta puntuación á nota de avaliación, será imprescindible que o estudante acade, **COMO MÍNIMO**, 4,50 puntos na avaliación. En definitiva, este engadido na nota **NUNCA** poderá servir para aprobar a avaliación. Só se beneficiaran dela os/as estudantes que teñan a avaliación aprobada.


4.3.2.- Criterios de cualificación

Tanto para a ESO como para o Bacharelato a estrutura da avaliación será a seguinte:




*O segundo trimestre carece de probas de valoración de condición física, por o que as probas de habilidades e destrezas valerán 4 puntos. **No caso de clases semipresenciais que non permitan levar a cabo as probas de condición física, este apartado tamén será valorado con 4 puntos.**

**En caso de clases semipresenciais ou non presenciais a dentro da parte práctica están consideradas as actividades teórico-prácticas realizadas por o alumnado e colgadas na aula virtual. Consistentes en diseño de actividades e a súa realización e subida a través de vídeos.



*Poderá darse a opción de que os traballos teóricos sexan a únicas probas de avaliación teórica das unidades didácticas. Neste caso, suporán o 100% desta parte teórica (os 3 puntos).



As persoas con faltas de asistencia xustificadas, pasarán 1 punto de actitude o apartado da parte teórica de traballos. É dicir, que 1 punto do apartado de actitude corresponderá os traballos “extras” que teña que facer por non asistir as clases.

****COVID19:** En caso de que as clases se suspendan, no que se refire a actitude valorarase o esforzo, a entrega en tempo, a participación.... Pero será valorada con 1 PUNTO. E a parte TEÓRICA, pasará a valer 4 PUNTOS (2 de examen e 2 de traballos Teóricos). A parte Práctica, valerá igualmente 5 PUNTOS (4 de probas prácticas e teórico-prácticas documentadas con vídeos/imáxenes, e 1 punto de autoevaluación e valoración do esforzo).

A maiores e sempre una vez superado o 4'50, para fomentar a implicación na materia e a práctica de actividade física fóra de horario escolar para mellorar os índices de práctica deportiva diaria e dimiuir as porcentaxes de obesidade Infantil. Valorarase de forma extra e voluntaria:

En 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1ºBAC, medio punto extra (0,2 eventos deportivos voluntarios e gratuitos (San Martiño, Carreira Derradeira de Allariz, Recreos Activos...), 0,2 lectura e visionado de libros ou películas de deporte co seu comentario, 0,1 por hábitos nutricionais saudables de inxira de alimentos saudables (froita, frutos secos) tras a clase de Ed.Física para recuperar líquidos e hidratos de carbono (fructosa) así como para acadar hábitos saudables.

4.3.3.- Procedementos para a realización da avaliación inicial (ESO)

Ao comezo do curso, os estudantes realizarán as seguintes probas, que nos permitan sacar información das súas capacidades, posibilidades, niveis de conceptualización, actitudes, intereses e inquietudes.

1. Proba teórica, para valorar os coñecementos relacionados cos contidos a impartir durante o curso.
2. Probas de valoración da CF. (Proba de resistencia, Proba de potencia, Proba de flexibilidade)
3. Probas de valoración das capacidades coordinativas.
4. Probas de valoración antropométrica (peso, talla)
5. Valoración da actitude cara a actividade física, a educación física e o deportes así como inquietudes e intereses, a través dun cuestionario.
6. Valoración da actitude , esforzo, en xogos de presentación ou predeportivos variados, onde se poidan establecer os niveis xerais de motricidade.

4.3.4.- Avaliación do estudantado en setembro

Tendo en conta que, en setembro, o tempo asignado no calendario de exames para a avaliación da materia suspensa en xuño é moi reducido, o alumnado deberá asistir con roupa deportiva e un bolígrafo azul ou negro para poder repostar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas sobre contidos estudados ao longo do curso. Ademais realizarase un circuito con diferentes probas de procedementos que se desenvolveron durante o curso.

Exame teórico tipo test e/ou preguntas curtas: 60% da nota

Probas físicas: 40% da nota.

En setembro, para superar a materia, o/a estudante deberá acadar unha **puntuación mínima de 5,00 puntos sobre 10**, tendo en conta que, no caso das preguntas tipo test, cada pregunta

mal contestada descontará un 25% da puntuación dunha pregunta correctamente contestada.
As preguntas non contestadas non descontan.

4.3.5.- Medidas de atención a diversidade

O Real Decreto 1105/2015, do 26 de decembro, no artigo 9, que versa sobre o estudantado con necesidade específica de apoio educativo, establece que serán de aplicación os artigos 71 a 79 bis da lei 2/2006, de 3 de maio.

Estes indican e obrigan as administracións educativas a dispoñer de cantos medios sexan necesarios para que todo o alumnado acadе o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Os devanditos recursos deben facer posible tamén que aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de minusvalía ou trastornos graves de conduta), por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar; alcancen tamén o devandito máximo.

Para atender á Diversidade e aos **estudantes con Necesidade Específica de Apoio Educativo** temos que adaptar o noso ensino á aprendizaxe de todos/as e cada un deles/as. É dicir, debemos incluír a todos/as os/as estudantes dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez, prestar (directa ou indirectamente) unha atención máis individualizada a aqueles que o necesiten.

Para iso dispoñemos de diversas medidas incluídas nun abano que vai dende as máis ordinarias ás máis específicas.

Así, **para aqueles casos máis simples**, podemos atender á diversidade mediante pequenas modificacións a nivel metodolóxico e/ou de recursos: Implementar actividades de reforzo e/ou de ampliación, agrupar aos/as estudantes de diferentes maneiras para favorecer a súa aprendizaxe, variar os estilos de ensino e/ou utilizar recursos didácticos específicos que faciliten a aprendizaxe e/ou permitan afondar nela.

No caso de que as medidas máis xerais non fosen suficientes para atender á diversidade, o departamento de EF conta con outras medidas de carácter máis específico.

Por un lado, a nivel organizativo, podemos contar cun desdobre, ou coa intervención dun/ha

profesor/a de apoio.

Por outra banda, a nivel curricular, contamos con dúas medidas fundamentais:

Unha que só modifica elementos NON prescritivos do currículo para adaptarnos ás demandas do alumnado: o Reforzo Educativo

Outra, que SI modifica elementos prescritivos do currículo ademais de necesitar a autorización da Inspección Educativa: a Adaptación Curricular Individualizada.

No caso de ter alumnado que non poida asistir as clases presenciais, por alguna enfermidade ou por motivos de confinamento a causa dun virus, deberemos por nos en contacto cos seus proxenitores ou tutores, para saber cal é a situación na que se encontra dixitalmente, e tomaremos as medidas necesarias para diminuír o máximo posible as dificultades a causa da brecha dixital, (por exemplo, no caso de ter ordenador pero carecer de internet, entregando o material en pendrive coas actividades propostas e pondo un día de entrega do pendrive no centro, ou vía correo ordinario), de ser outro o problema adaptaremos a cada problema a situación para atender a toda a diversidade.

No caso de alumnado con algunha dificultade que non permita realizar práctica con mascarilla, deberá traer a prescripción médica e adaptarse a distancia de seguridade respecto os demais compañeiros.

O alumnado que non poda realizar actividade física de ningún tipo, terá deberes de arbitraje, control, seguemento das sesións, deberá ter un portfolio con todas as actividades realizadas por os seu compañeiros a modo de diario. E presentar todos os traballos que se lle requiran.

Todas estas medidas de atención á diversidade, e outras non citadas, deberán ser postas en práctica unha vez que levemos a cabo o terceiro nivel de concreción curricular, a Programación de Aula. Será nese momento, cando debamos reflectir nas nosas Unidades Didácticas, aquelas medidas de atención á diversidade que mellor favorezan a aprendizaxe de todos os nosos estudantes.

4.3.5.1.- Adaptacións non significativas ou ordinarias

Casos e actividades propostas:

- **Dificultades da aprendizaxe:**

a) práctica: diminución da dificultade ou esixencia da tarefa cunha variación da tarefa ou procura dunha solución.

b) conceptos: concreción do contido, esquemático e comprensible ao seu nivel.

- Desinterese: diálogo e motivar para que participe.

- Falta de esforzo: diálogo e motivar para que se supere.

- Falta de asistencia: actividade de síntese da clase anterior na seguinte.

- Falta de asistencia reiteradas: integración nas tarefas con síntese breve.

- Sen vestimenta ou calzado por lesión e/ou enfermidade: axuda na explicación de actividades, funcións de árbitro (supervisando e aplicando o regulamento deportivo) e colaboración nas tarefas que lle encomende o profesorado, como: apuntar datos relacionados coa sesión, colocación e recollida de material e calquera outra actividade que considere pertinente o profesorado.

Estratexia didáctica:

Analítica: información clara, breve, precisa e individual, integrado no grupo ou en grupos reducidos con axuda do profesor ou alumno avanzado.

Organización do grupo:

- Organización en grupos mixtos variados durante o curso para fomentar a coeducación, integración e dinámica do grupo.

- Grupos de nivel e adaptación de tarefas para cada un utilizando alumna/os avantaxada/os como colaboradores.

Optatividade:

Programación con contidos equitativos para ambos sexos sen discriminación. Posibilidade de elección democrática, a principio de curso, dos xogos, deportes e actividades de expresión corporal.

4.3.5.2.- Adaptacións significativas ou extraordinarias

Para o **alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)**, artigo 73 LOE 2/06/ 3 maio e art. 14 D 133/07/5 xullo, realízanse adaptacións significativas según indicacións do/a

titor/a, asesoramento do dpto de orientación e xefatura de estudos da ESO. **Rexistraranse como ACI.**

Casos e actividades propostas:

ALUMNADO DE NEE CON DÉFICITS: D. 320/ 96 e 6 de outubro 1995

A) Lesión, enfermidade ou patoloxía:

- Ingresado hospital longa tempada: mesmos obxectivos e contidos, variando os criterios de avaliación e cualificación. Tarefa de lectura de apuntes teóricos, traballo e exame teórico. Valórase o apartado teórico nun 100%.

- Temporal que asiste con/sen certificado médico oficial: Xustificación falta de participación mediante un certificado médico oficial, na que se indique: tipo de lesión que padece, exercicios contraindicados, recomendacións e tempo estimado de exención.

As adaptacións son no apartado práctico mantendo os mesmos obxectivos, contidos conceptuais e actitudinais, realizando según o caso, o exercicio estático en situación facilitadas ou programa recomendado, ademais axuda ó NEE permanente e colabora co profesor. Variáanse os criterios de avaliación e cualificación se non pode participar na proba práctica, outorgando a porcentaxe correspondente ao apartado teórico. O alumnado con asma realiza a mesma actividade co seu tratamento broncodilatador. Os que teñen alteracións posturais non severas realizan a mesma actividade con atención a zona. A nivel organizativo podemos contar cun desdobre, ou coa intervención dun profesor de apoio.

B) Discapacitados permanentes (conduta, déficit sensorial e psíquico):

Según a Orde Ministerial nº 17.207 do 10/7/95 BOE: “a dispensa de cursar esta materia limitarase ós alumnos maiores de 25 anos” e “O currículo de EF da ESO adaptarase para aqueles alumna/os con NEE asociadas a discapacidade motora ou sensorial, temporal ou permanente.” As solicitudes, “serán formuladas ante a Dirección do Centro polos alumnos, ou se son menores de idade, polos seus pais ou representantes legais e irán acompañadas dos certificados médicos correspondentes”. “O Departamento de EF acordará as adaptacións oportunas, á vista dos certificados médicos, así como do resultado da avaliación e ditame emitido polo Dpto Orientación.” Manteñen os mesmos obxectivos, contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación (Actitude 30%-Práctica 50%-Concepto 20%)

-**Trastorno grave de conduta:** diálogo para resolución de conflito e aplicación de sanción. En caso extremo, Falta de orde tras 3 avisos reiterados. Mantén os mesmos obxectivos,

contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación. (Actitude 30%-Práctica 50%-Concepto 20%)

- **Déficit psíquico:** mesmos obxectivos, contidos e variamos criterios de avaliación e cualificación. (Actitude 30%-Práctica 50%-Conceptos 20%)

Apuntes teóricos e preguntas do exame están adaptadas ao seu nivel de coñecementos. Variamos o nivel de contidos conceptuais.

- **Déficit sensorial:** mantén mesmos obxectivos, contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación. Diferenciamos entre:

- a. Auditivos: información escrita, modulación beizos e comunicación xestual para favorecer a comprensión. Criterios de cualificación: Actitude 20%-Práctica 50%-Concepto 30%.
- b. Visual: adaptación tarefas ó espazo próximo e información escrita con letra maior en caso de deficiencia leve. Nestes o exame teórico cámbiase por preguntas orais. En probas prácticas, propónse un obxectivo ó seu alcance. Criterios de cualificación: Actitude 20%-Práctica 50%-Concepto 30%.

ALUMNADO ESTRANXEIRO: O. 20 de Febreiro de 2004

Mantén mesmos obxectivos, contidos e criterios avaliación e cualificación agás se descoñece a lingua ou teñen problemas de integración, outorgando o valor da ponderación do apartado conceptual á ponderación do apdo actitudinal.

Criterios de cualificación: Actitude 20% o 50 % - Práctica 50%-Concepto de 0% a 30%.

ALUMNADO SUPERDOTADO INTELLECTUAL: O. 28 outubro do 1996

- Superdotado intelectual: ampliación cun traballo teórico e a nivel práctico prestamos atención á integración dentro do grupo, á participación e esforzo físico. Ampliamos o obxectivo, a profundización no contido e o criterio de cualificación a nivel conceptual. Criterios de cualificación: Actitude 20% - Práctica 50%-Concepto 30%

- Avanzado: axuda a alumnos con dificultades de aprendizaxe (micro-ensino) e realiza tarefas máis complexas academicamente orientándoo deportivamente e academicamente. Ampliamos o obxectivo, o enriquecemento do contido e criterio de avaliación.

Todas estas medidas de atención á diversidade, e que xorden durante as Unidades didácticas, serán postas en práctica co fin de mellorar a aprendizaxe do alumnado.

4.3.6.- Alumnado repetidor (ESO)

O seguimento do alumnado repetidor realizarase polas seguintes vías:

O profesor ou profesora de aula comprobará os avances na aprendizaxe e outras cuestións como a actitude e o esforzo e ofrecerá, cando este alumnado así o demande, as explicacións ou atención que se requiran para ir acadando os obxectivos.

O Departamento elaborará e facilitará fichas que permitan a aprendizaxe máis autónoma do alumnado repetidor cando as dificultades deste o requiran. Estas fichas non serán exclusivas para o alumnado repetidor, senón que se ofrecerán puntualmente en relación con determinados aspectos da materia ao alumnado que o necesite.

Aquel alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo elaborado destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia terase en conta os progresos que o alumno/a realice nas actividades do Programa de Reforzo, así como a súa evolución na materia.

4.3.7.- Materia pendiente

4.3.7.1.- Plans de traballo para superación de materias pendentes (ESO)

Ao estudantado coa materia pendiente faráselle un seguimento durante todo o curso co obxecto de garantir que coñecen as probas necesarias para recuperar a materia. Dado o carácter da materia, terán superada a do ano anterior se superan a materia do ano actual.

Asemade, estes/as estudantes poderán ter acceso ao curso no que teñen a materia pendiente, poderán descargar os apuntes e cantos recursos sexan necesarios para a preparación dunha proba teórica que se levará a cabo en cada trimestre. Deberán a súa vez superar unhas probas procedimentais que se levarán a cabo durante os recreos.

4.3.7.2.- Actividades de seguimento das materias pendentes (BAC)

O estudantado coa materia pendiente deberá asistir no horario destinado a este fin o departamento de EF/ Polideportivo, una vez o mes onde especificará as dificultades que atopa para a superación das probas prácticas e todas cantas dúbidas teña sobre a materia teórica.

Ademais, poderá consultar ao profesorado cantas dúbidas considere oportunas, ben de forma presencial ou vía email, para a preparación dunha proba teórica que se levará a cabo en cada trimestre.

4.3.7.3.- Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes

Tendo en conta que a materia de EF é de carácter progresivo, fundamentalmente práctica e cunha compoñente moi importante no que respecta aos comportamentos e actitudes, os/as estudantes que teñan a materia de Educación Física pendiente de cursos anteriores serán avaliados do seguinte xeito:

1. **Apartado actitudinal** (asistencia, actitude e comportamento): **Non será obxecto de cualificación por non ser posible a súa valoración.**

2. **Apartado procedimental (50% da nota).**

- Valoraranse as **probos de valoración da CF**. Este sub-apartado ten un peso do **50%** sobre os 5 ptos do apdo procedimental
- Valorarase unha proba de **coordinación específica referida a algunha das UDs** impartidas durante o curso no cal o estudante non superou a materia. Esta proba será escollida polo profesor. Este sub-apartado terá un peso do **50%** sobre os 5 ptos do apdo procedimental, e será cualificada en función dun escala de valoración cualitativa deseñada a través dunha rúbrica polo departamento.

1. **Apartado conceptual (50% da cualificación total):**

- Consistirá nun exame teórico tipo test cun mínimo de 50 preguntas sobre a materia teórica correspondente ao curso sobre o que ten a materia pendente.
(Neste exame deberá acadar unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10, tendo en conta que, cada pregunta mal contestada descontará un 25% da puntuación dunha pregunta correctamente contestada. As preguntas non contestadas non descontan.)

O/ A estudante terá dúas oportunidades para recuperar a materia.

- 1ª no mes de xaneiro
- 2ª no mes de xuño

4.3.8.- Mínimos esixibles e Actividades de reforzo/recuperación

4.3.8.1.- Mínimos esixibles

1º e 2º da ESO

Coñece os beneficios que a práctica regular de actividade física ten no organismo e na vida das persoas

Identifica as características das actividades físicas saudables

Coñece, acepta e respecta as normas na práctica dos deportes practicados amosando deportividade e respecto ao resto dos participantes

Mellora os valores de CF (en percentís) sobre os valores acadados na avaliación inicial.

Percíbese algún progreso nas capacidades coordinativas. Percíbese mellora nas actividades expresivas.

Colabora nas actividades colectivas e respecta as intervencións do resto dos participantes

3º e 4º da ESO

Coñece os efectos que sobre a saúde se producen co exercicio físico sistemático

Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente aos diferentes factores da condición física.

Mellora os valores de CF (en percentís) sobre os valores acadados na avaliación inicial

Aplica os aspectos básicos das habilidades específicas das actividades propostas, respectando basicamente as regras e normas establecidas.

Mellora algo o nivel de execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida.

Amosa tolerancia e deportividade, tanto no papel de participante como no de espectador.

Colabora no deseño e realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos compañeiros.

Utilizan as tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe para buscar, analizar e seleccionar información relevante, elaborando documentos propios e facendo exposicións dos mesmos.

1º de Bacharelato

Mellora algo a técnica individual en deportes colectivos e de implemento.

Resolve con relativa eficacia situacións motrices nun contexto competitivo.

Desempeña as funcións que lle corresponden nos procedementos ou sistemas postos en práctica para acadar os obxectivos do equipo.

Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e a saúde.

Deseña instrumentos de valoración da súa CF, Mellora os valores de CF (en percentís) sobre os valores acadados na avaliación inicial.

Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas e participa na representación destas axustándose a unha intencionalidade de carácter estética e/ou expresiva.

Organiza eventos deportivos, pequenas competicións e axuda na elaboración de saídas e actividades no medio natural.

Aplica criterios de búsqueda de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e con rigor científico sobre a materia obxecto de práctica, investigación e/ou estudo.

INCUMPRIMENTO DOS CONTIDOS MÍNIMOS

En calquera dos casos anteriores departamento de Educación Física considerará que un/ha estudante non cumpre os contidos mínimos da materia cando se produzan as seguintes circunstancias :

- a. Reiteradamente acode á clase sen o material necesario para a práctica deportiva.
 - Entendemos por elo a falla de zapatillas para a práctica deportiva en pistas polideportivas, pantalón de deportes, calcetíns de deporte, camisetas e sudadeiras para a práctica deportiva.

- Isto considerarase cando supere o 30% das prácticas no trimestre.
- b. Cando o alumno/a non presente os traballos asignados polo profesor.
- c. Cando non participe no desenvolvemento práctico da clase sen a xustificación do médico. (tres faltas por trimestre.)
- d. Cando non se presente ós exames tanto prácticos como teóricos, ou cando os teóricos os presente en branco.
- e. Cando o alumno/a non cumpra as normas de hixiene básicas requiridas na actividade deportiva. Isto implica que o alumno/a deberá de ducharse despois das clases prácticas para o cal deberá traer : toalla , xabón/xel, muda completa limpa e roupa de vestir distinta á que utilizou durante o desenvolvemento da clase. Isto tomarase en consideración cando superen o 40% das prácticas.
- f. **Cando o estudante, por causas do COVID19, non poda asistir as clases e tampouco siga as clases por a vía online, non presente traballos e non responda os posibles mensaxes.**

4.3.8.2.- Actividades de reforzo

O estudantado que non supere os obxectivos mínimos propostos na adaptación, mantén as mesmas actividades e probas do estudantado ordinario coas seguintes adaptacións:

Estudiante con lesión/enfermidade temporal:

Aplicaranse os criterios recollidos no organigrama representado no gráfico.

Diste xeito, a parte proporcional da nota asignada as probas prácticas que por calquera circunstancia debidamente xustificada en causa, tempo e forma, non poida desenvolver o estudante pasarán ao apartado conceptual. Neste caso as porcentaxes de cada apartado (actitudinal, procedimental e conceptual) variarán en función do número e tipo de probas que o estudante en cuestión non poida desenvolver.

A parte proporcional da nota asignada ao apartado actitudinal que o estudante perda en función das faltas de asistencia ou non participación motriz durante as sesións, pasará ao apartado conceptual tal e como se detalla no gráfico.

Discapacitada/o permanente

Segundo a Orde Ministerial nº 17.207 do 10/7/95 BOE: “A avaliación das aprendizaxes dos alumnos con NEE farase conforme aos obxectivos e contidos para eles propostos”. Avaliaranse exclusivamente o apartado conceptual e o apartado actitudinal seguindo os principios que se detallan no gráfico 1 cunha ponderación para cada un dos apartados dun 50% (50% actitudinal e 50%) procedimental.

No apartado conceptual, os estudantes que se atopen nesta situación deberán de desenvolver un traballo teórico-práctico por avaliación sobre unha das UDs desenvolvidas na mesma que estime o profesorado. Dito traballo non terá un extensión inferior as 20 páxinas, deberá ser orixinal, presentado en tempo e forma e acorde aos criterios establecidos polo profesor da materia. E deberán presentar un PORTFOL trimestral, no que se inclua información de todas as UD traballadas, coas sesión realizadas por os compañeiros, e con todo aquilo que considere de interés e que este vinculado os temas traballados.

Ademais, deberán de facer o mesmo exame teórico que o resto dos compañeiros de clase.

4.4.- Programación da educación en valores

A educación en valores contribúe á formación integral dos alumnos e das alumnas e están incluídos tanto nos obxectivos como contidos e criterios de avaliación para cada curso de E.S

IMPLICACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS na PD:

O Departamento busca como fin o aprecio pola actividade física satisfactoria no seu tempo libre como medio de recreación activa e coidado da súa saúde.

Os Temas están implícitos en todo os Bloques de contidos e unidades didácticas, seguindo a LOXSE (90) son:

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

actitudes como a prevención de riscos de lesións co quencemento e a educación postural, e a responsabilidade coa propia condición física e control da dieta.

EDUCACIÓN PARA PAZ:

tolerancia e xogo limpo, respecto ás normas de convivencia, solidariedade e axuda ós alumnos NEE, e ós outros e ó profesor.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA:

actitudes como respecto, normas uso de equipamento e prevención e seguridade en actividades físicas.

COEDUCACIÓN E IGUALDADE OPORTUNIDADES:

actitudes de integración e participación activa de toda/os alumna/os sen discriminación sexual; oferta equitativa de contidos satisfactorios para ambos sexos, integrando a toda/os en tarefas de forza ou expresión corporal sen estereotipos sexuais, fomentando a implicación e motivación en todas as tarefas independentemente do nivel de habilidade; utilizar estratexias de agrupamentos mixtos que favorezan a relación entre alumna/os e a axuda a alumnos desaxentados con Estilos como Micro ensinanza ou Ensinanza Recíproca e atención ós NEE.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

actitudes derivadas do Deporte de competición en canto ó consumismo de marcas

deportivas; as condutas violentas nos partidos de fútbol; doping no ciclismo; consumo de comidas innecesarias; a prevención de drogodependencias.

EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL:

